

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construcción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Pontedeume (expediente IN407A 2025/079-1)

Expediente: IN407A 2025/079-1

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad S.A.

Denominación: LMTS y sustitución CT 15CWN5 (Pontedeume)

Termo municipal: Pontedeume

1. Características técnicas:

Desmantelamento do CT 15CWN5 - BOEBRE PARGA (Expte. 1998/266) de 250 KVA; substitución por un novo CTC prefabricado con envolvente de formigón de 250 kVA/15 kV que se instalará en parcela próxima con referencia catastral 4248912NJ6044N0001SJ, situada no lugar de Boebre (Pontedeume).

Desmantelamento da derivada ao CT 15CWN5 - BOEBRE PARGA (Expte. 1998/266) de 260 m de lonxitude en condutor LA-30, desde o apoio AP1UGXA2//80-19 ata o PAS situado no apoio AP703N8F//80-19-4 na que se realiza a transición a subterráneo que alimenta ao CT que se vai desmontar.

Proxéctase unha LMTS de 417 m de lonxitude en condutor RHZ1-150 desde a cela de liña do CT 15CBTS - BOEBRE SIXTO (Expte. 2004/133) ata a cela de liña do novo CT proxectado.

2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).





- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urgente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/installaciones-electricas-distribucion-e-transporte>



Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Director territorial

Asinado por: MARTINEZ ARCA, ISIDORO
Cargo: Director territorial
Data e hora: 04/12/2025 11:35:15

Departamento Territorial
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
<https://economia.xunta.gal>

Páx. 3 de 4





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Pontedeume. Expediente IN407A 2025/079-1

Nº parcela	Paraxe referencia catastral	Cultivo	Propietaria	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m ²	ml aér	ml sot	m ² aér	m ² sot
1	Lg Sisto 4248912NJ6044N0001SJ	Urbana	Inés Castelos Vázquez	CT + ACCESO	31.22				

Abreviacións:

ml aér: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

m² aér: superficie de servidume aérea en m²

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m² sot: superficie de servidume soterrada

